

**BASES QUE REXIRAN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN INDEFINIDA NO CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR-FUNDACIÓN CETMAR DUN TÉCNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO TÉCNICAS PARA O REFORZO DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS LIGADAS Á CAPACITACIÓN NOS SECTORES MARÍTIMOS.**

**Acordo do 1 de abril de 2025 da Directora Xerente de CETMAR, polo que se resolve a cobertura de dun posto de traballo con carácter indefinido e se aproban as bases de selección.**

De conformidade coa normativa de aplicación ás entidades participadas maioritariamente pola Xunta de Galicia, a Directora Xerente, ao amparo das atribucións que lle concede o artigo 29 dos Estatutos da Fundación, fai pública a convocatoria de selección de persoal, de conformidade coas seguintes BASES:

**Características da contratación:**

Número de prazas: 1

Categoría: Técnico Superior de actividades científico técnicas (Titulado/a superior ou Grado + máster)

Salario Bruto Anual xornada completa: 28.077,24€

Tipo de contrato: contrato indefinido.

Tipo de xornada: 100% da xornada.

Sistema de selección: concurso-oposición.

Localización: sede de AIXOLA en Marín.

**1 OBXECTIVO DO PROCESO**

O proceso selectivo ten por obxecto a contratación dun titulado/a superior (grao+ máster) co perfil científico técnico e duración indefinida para dar apoio ao desenvolvemento da actividade de CETMAR na Área de Formación, na liña de traballo dirixida a dinamizar e modernizar sectores tradicionais do mar a través do aumento das súas capacidades. A persoa contratada dará apoio á coordinación da actividade do Centro de Formación A Aixola e contribuirá a promover formacións para a integración de innovacións nos oficios tradicionais do mar. Tamén contribuirá a divulgar a cultura oceánica baseada no coñecemento do medio mariño e as ciencias do mar, así coma das comunidades ligadas ao mar e as súas profesións. Así mesmo prestará apoio ás tarefas técnicas e administrativas dos proxectos e encomendas nesta liña de actividade.

**2 ASPECTOS XERAIS**


**2.1 LUGAR DE INFORMACIÓN E RECOLLIDA DE SOLICITUDES**

Durante todo o proceso de selección, a información e recollida das solicitudes e instrucións correspondentes será facilitada no seguinte enderezo:

- Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR- R/ Eduardo Cabello, s/n, Bouzas, Vigo.
- Horario: de 9 a 14 horas (de luns a venres)
- Teléfono: 986 247 047.

Este enderezo será tamén o de entrega da documentación de solicitude cando se faga de maneira presencial.

A información do proceso estará tamén dispoñible na web de CETMAR: [www.cetmar.org/ofertas de traballo](http://www.cetmar.org/ofertas_de_trabajo) ou a través do correo [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org), sendo este o único enderezo electrónico a través do cal se recibirán as solicitudes, comunicacións, correccións e subsanacións das persoas candidatas ao tribunal de selección.



## 2.2 COMISIÓN DE SELECCIÓN

Con motivo da selección constituirase unha comisión de selección, nomeada por resolución da Directora da Fundación. A súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran nelas algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

Para a válida constitución da comisión de selección, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Presidente e Secretario, ou, no seu caso de quen os substitúan, e a metade cando menos dos seus membros.

Os acordos tomaranse por maioría simple e en caso de empate o voto do Presidente decidirá o desempate.

En ningún caso a comisión poderá declarar que superaron o proceso de selección un número superior de aspirantes que o de postos convocados.

## 2.3 DOCUMENTACIÓN E RECLAMACIÓN

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na súa solicitude. O domicilio que figura na solicitude considérase o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na súa consignación como a non comunicación de cambios de domicilio.

Os erros de feito que se advertisen en calquera das fases poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou por petición do interesado.

Todas as reclamacións que se realicen durante o proceso de selección poderán enviarse por correo certificado á Comisión de selección, por correo electrónico a [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org) coa reclamación asinada dixitalmente (mediante firma dixital con certificado), ou ben rexistrarse nas oficinas da Fundación. Os prazos de presentación de reclamacións serán de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación dos listados. As reclamacións que se presenten deberán reflectir o nome e apelidos do reclamante, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e motivo da reclamación. As alegacións serán resoltas pola Comisión de selección e publicarase un listado complementario do primeiro.


## 3 **ETAPAS DO PROCESO SELECTIVO**

### 3.1 REQUISITOS DE ADMISIÓN:

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos no prazo de presentación de solicitudes.

#### 3.1.1 Requisitos xerais:

- Ter cumprido 16 anos de idade.
- Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de



aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois, dos nacionais de algún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan as súas expensas.

- Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.
- Estar en posesión da titulación requirida para poder optar á categoría. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas (Sentenza do 23/10/08) o requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).
- Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escala ou especialidade a cuxas probas selectivas se presenten. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Ao presentarse a este proceso, asúmese que as persoas que presentan a súa candidatura coñecen e aceptan as bases da convocatoria.

### 3.1.2 Requisitos específicos:

Son os que figuran nos Anexos.

## 3.2 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de **presentación de solicitudes será de 15 días hábiles** desde o seguinte ao da publicación da oferta de emprego no Diario Oficial de Galicia.

Farase pública esta oferta tamén no taboleiro de anuncios de CETMAR e na web:

<https://cetmar.org/ofertas-de-traballo/> So se admitirán aquelas solicitudes entregadas en prazo, sendo excluídas todas aquelas que non cumpran este requisito.

As solicitudes deberán presentarse segundo modelo de instancia adxunto no Anexo II, na dirección e horarios citados no punto 2.1 da presente convocatoria no caso de realizarse de xeito presencial, ou ben por calquera dos outros medios seguintes:

- Correo postal certificado, figurando na solicitude o selo coa data de envío posto na oficina de correos ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



- Correo electrónico no enderezo [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org). Toda a documentación enviada por este medio deberá estar asinada electrónicamente en todas as súas follas (DNI-e ou certificado electrónico) polos/as aspirantes.

**Importante: os ficheiros enviaranse nun único envío que NON poden exceder dun máximo de 15 MB de capacidade.** Con carácter xeral NON serán aceptados as ligazóns a ficheiros externos nin correos electrónicos adicionais que poidan supoñer a adición de nova documentación soportede formación ou outros méritos posteriores á data límite de presentación de documentación. Só serán aceptados as ligazóns a ficheiros externos para ampliar o detalle da información facilitada na documentación, debendo limitarse na medida do posible. A comisión de selección terá a potestade de decidir sobre o emprego de dita información externa na valoración dos expedientes, establecendo criterios uniformes para todas as persoas candidatas.

**NON serán aceptadas as ligazóns a ficheiros externos nin correos electrónicos adicionais que poidan supoñer a adición de nova documentación.**

Requírese que aqueles solicitantes que rexistren as súas candidaturas por correo certificado, comuniquen o rexistro e envío de documentación, dirixindo un correo electrónico a [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org) e achegando como anexo o xustificante do envío.

A **acreditación de toda a documentación**, Anexo II e do resto de titulacións e méritos deberá realizarse mediante copias compulsadas ou fotocopias simples asinadas electrónicamente e todas as súas follas (DNI-e ou certificado electrónico) polos/as aspirantes permitindo comprobar a validez da mesma en calquera momento posterior do proceso.

En calquera fase do proceso selectivo poderase pedir á persoa candidata os orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación presentada para o acceso ao proceso e para a valoración de méritos. En calquera caso, será **obligatoria** a presentación dos orixinais antes da formalización do contrato para quen superase o proceso selectivo.

Todos os méritos que as persoas presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia, e deberán acreditarse nos prazos e de conformidade co procedemento que se estableza.

Non se permitirá a presentación de documentación complementaria con posterioridade á data fin de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten e acrediten conforme ao establecido neste procedemento.

### 3.3 LISTADO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN

Publicarase o listado provisional de solicitantes admitidos e excluídos do proceso de selección, especificando a causa de exclusión para os afectados. Os listados provisionais publicaranse no lugar indicado no punto 2.1 da presente convocatoria.

Contra este acordo poderá presentarse reclamación ante a comisión no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Unha vez finalizado o período de reclamacións, publicaranse os listados definitivos nos que se fixará o lugar e data de celebración da proba escrita.



### 3.4 PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo revestirá a modalidade de concurso-oposición que se complementará cunha entrevista persoal. A selección será realizada pola Comisión de Selección entre as persoas candidatas que reúnan os requisitos xerais e específicos esixidos.

Todas persoas candidatas que acudan á realización das probas presenciais do proceso selectivo deberán levar o orixinal do DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar algún destes documentos non poderán facer as probas.

Todas as persoas convocadas á realización das probas que non se presenten, quedarán inescusablemente rexeitadas do proceso de selección.

#### 3.4.1. Coñecemento de galego

O coñecemento da lingua galega con nivel **CELGA 4** é de acreditación obrigatoria. Para iso, en caso de non estar acreditado, celebrarase unha proba específica previamente ao inicio das probas do proceso de selección. Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO e será necesaria a cualificación de APTO para poder continuar no proceso selectivo.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega. Corresponderá á comisión de selección determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto, que será ao menos da metade do total.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que se atopen en posesión do Celga 4. Dito título debe aportarse coa solicitude de inscrición no proceso selectivo.

Duración total da proba escrita en galego: 30 minutos.

**A nota máxima posible na totalidade do proceso selectivo é de 100 puntos.**

#### 3.4.2. Primeira fase do proceso selectivo.

##### 3.4.2.1. Proba escrita de coñecementos teórico-prácticos

O exame de coñecementos sobre a praza a cubrir, consistirá no desenvolvemento escrito de 2 a 5 preguntas teóricas ou prácticas relativas ó temario do Anexo III. Terá unha puntuación máxima de 70 puntos. Establecese unha nota de corte de 45 puntos.

Polo tanto a proba escrita terá carácter eliminatorio, polo que para que poida valorarse o C.V. e poida pasar á seguinte fase do proceso selectivo deberá alcanzarse como mínimo unha puntuación de 45 puntos na proba escrita.

A proba escrita realizarase nun mesmo acto e terá unha duración máxima de 2 horas.

##### 3.4.2.2. Valoración do Curriculum Vitae

Valorarase o curriculum vitae soamente a aqueles candidatos que obtivesen 45 puntos ou máis na proba escrita. Valorarase o curriculum vitae de cada candidato nos termos e ponderación que se contemplan no Anexo III.



Unha vez finalizadas a primeira fase do proceso selectivo, a Comisión de Selección fará público, no lugar indicado no punto 2.1 da presente convocatoria, as puntuacións alcanzadas polos aspirantes nesta fase, ante o cal se poderá presentar reclamación ante a Comisión no prazo de **tres días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa exposición. Pasado o prazo de reclamacións contra as puntuacións, estas entenderanse estimadas ou desestimadas coa publicación das listaxes definitivas, no que se indicará o lugar e día de celebración da segunda fase do proceso selectivo: a entrevista persoal.

A puntuación máxima posible desta fase do proceso selectivo é de 21 puntos

#### 3.4.3 Segunda fase do proceso selectivo:

Realización de entrevista persoal.

A Comisión de selección realizará unha entrevista persoal ás cinco persoas que acaden a máxima puntuación na primeira fase e acaden como mínimo unha puntuación de **45 puntos** na proba escrita. En caso de producirse empates de puntuación, este número poderá incrementarse de xeito que non se produzan discriminacións entre as persoas que acaden a mesma puntuación.

A Comisión de Selección fará público, no lugar indicado no punto 2.1 da presente convocatoria o lugar e día de realización da entrevista, que terá unha duración máxima de 20 minutos e que contará cunhas cuestión que poderá solicitarse contestar en inglés. A puntuación máxima posible desta fase do proceso selectivo é de **9 puntos**.

Nesta fase valoraranse as cuestións relativas a experiencia profesional da persoa candidata, así como as súas aptitudes para o bo desempeño da praza. A entrevista valorarase de acordo co expresado no Anexo III.

Os convocados a esta fase deberán presentarse no lugar indicado co orixinal do DNI, permiso de conducir ou, no seu defecto, pasaporte.


**Non presentarse a algunha das fases, leva consigo a EXCLUSIÓN do proceso selectivo.**

#### 3.5 PUBLICACIÓN DOS LISTADOS FINAIS

Unha vez realizadas todas as fases, expóranse ao público na dirección indicada no punto 2.1 da presente convocatoria, a **listaxe final**, que comprenderá as puntuacións dos aspirantes en todas as fases do proceso selectivo, así como a **puntuación total** que corresponda. Poderase presentar reclamación ante a Comisión no **prazo de tres días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas no seu caso, as oportunas correccións, a comisión publicará, o acordo que conteña a relación das persoas aspirantes, coa puntuación total definitiva alcanzada por cada unha delas, con mención expresa do que obteña a praza.

No caso de empate, dirimirase a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta. De persistir o empate, dirimirase por orde alfabética, iniciándose pola letra establecida na resolución do 20 de xaneiro de 2017 pola que se fai público o resultado ó que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº20, do 30 de xaneiro).





### 3.6 LISTAS DE AGARDA

No caso de concorrer unha renuncia, baixa temporal ou outra circunstancia do traballador/a seleccionado/a e fose necesario unha cobertura temporal da praza ofertada, **xerárase unha lista de agarda exclusiva para esta praza** á que terán acceso as persoas candidatas que completasen as dúas fases do proceso selectivo.

Os chamamentos para a cobertura faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción, seguindo a orde da puntuación alcanzada.

As persoas integrantes da lista de agarda non perderán a orde de prelación que lles corresponda nesta ata que se xere o dereito á prestación de desemprego, de tal maneira que se a contratación ofertada ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

Rematada a contratación o/a interesada/o pasará a ocupar o último lugar na lista durante catro meses se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado o devandito período volverá automaticamente ao lugar da lista que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os integrantes da lista que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista.

A xestión da lista e chamamento dos aspirantes contará co coñecemento do Comité de Empresa do CETMAR.

Vigo, a 1 de abril de 2025  
Rosa Chapela Pérez

Directora Xerente do Centro Tecnológico del Mar- Fundación CETMAR



ANEXO I

CATEGORÍA PROFESIONAL, ÁREA DE TRABAJO E PRAZAS OFERTADAS  
CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR-FUNDACIÓN CETMAR.

**CONTRATACIÓN INDEFINIDA NO CENTRO TECNOLÓGICO DO MAR-FUNDACIÓN CETMAR DUN  
TÉCNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO TÉCNICAS PARA O REFORZO DE  
ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS LIGADAS Á CAPACITACIÓN NOS SECTORES MARÍTIMOS.**

Categoría	Posto	Liña de actividade	Titulación requirida	Nº Prazas
Titulado Superior (M3)	Técnica/o Superior de Actividades Científico-técnicas	Centro de Formación A Aixola: dinamización de sectores tradicionais a través da capacitación.	Licenciatura ou Grao + máster en:	1
			<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ciencias do Mar</li> <li>- Bioloxía</li> <li>- Química</li> <li>- Veterinaria</li> <li>- Ciencias Ambientais</li> <li>- Pedagogía</li> <li>- CC. Políticas</li> <li>- CC. Sociais</li> </ul>	
<b>Outros requisitos</b>				
	-	Dispoñibilidade para viaxar.		
	-	Carné de conducir clase B.		





ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN INDEFINIDA DUN TÉCNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO TÉCNICAS PARA O CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR-FUNDACIÓN CETMAR PARA O REFORZO DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS LIGADAS Á CAPACITACIÓN NOS SECTORES MARÍTIMOS.**

PRIMEIRO APELIDO.....

SEGUNDO APELIDO.....

NOME.....

DNI.....

DATA DE NACEMENTO: DÍA.....MES.....ANO.....

LOCALIDADE NACEMENTO.....

PROVINCIA.....TELÉFONO.....

DIRECCIÓN.....

CONCELLO.....CÓDIGO POSTAL.....

PROVINCIA.....

CORREO ELECTRÓNICO.....

TITULACIÓN ACADÉMICA.....

CENTRO DE EXPEDICIÓN.....

LOCALIDADE.....

ANO DE EXPEDICIÓN DO TÍTULO.....

Sinatura:

En.....a.....de.....de 2025



ANEXO II (CONTINUACIÓN)

**Conforme co establecido no novo Regulamento de Protección de datos, informámoslles que os datos facilitados no presente documento pasarán a formar parte dun ficheiro, con Datos Persoais responsabilidade de CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR - FUNDACIÓN CETMAR, con domicilio social: C/ EDUARDO CABELLO, S/N - 36208 BOUZAS - VIGO (PONTEVEDRA). A finalidade deste ficheiro é a xestión dos currículos por posibles incorporacións de persoal. Do mesmo xeito, informámoslles que Vde. poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, dirixíndose por escrito a CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR-FUNDACIÓN CETMAR, á dirección arriba indicada.**

### INSTRUCCIÓN XERAIS E DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Impreso de solicitude firmado (obligatorio).
- Copia compulsada do D.N.I. (obligatorio).
- Copia simple ou compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada da titulación académica do Anexo I (obligatorio).
- Copia compulsada de Galego ou CELGA 4 (obligatorio se se posúe. Se non se posúe, o candidato terá que realizar proba conforme se indica no punto 3.4.1.).
- CV (obligatorio en formato Europass).
- Documentación xustificativa dos méritos contemplados no ANEXO III.
- Orixinal do Certificado de penais. (obligatorio só para o candidato seleccionado).
- Orixinal da Vida laboral. (obligatorio se se posúe experiencia laboral previa).
- Certificado médico de compatibilidade. (obligatorio só para o candidato seleccionado).

Asegúrese de que os datos resultan claramente lexibles.

**En calquera caso, será obrigatoria a presentación dos orixinais antes da formalización do contrato para quen superase o proceso selectivo.**

- Evite realizar correccións, emendas ou borróns.
- A experiencia profesional acreditarase mediante certificados de vida laboral, contratos ou certificados de empresa onde consten as funcións desenvolvidas.
- A acreditación inicial de toda a documentación sobre o Anexo III e do resto de titulacións e méritos poderá realizarse nun primeiro momento mediante a presentación de fotocopia simple. Para o resto de méritos haberá de ter a expresión do número de horas acreditadas na acción formativa. No caso de que as horas no veñan reflectidas nos certificados considerarase unha duración inferior a 20 horas. En calquera fase do proceso selectivo poderase pedir ao candidato os orixinais ou fotocopias compulsadas dos devanditos títulos.
- No caso de que non se entreguen fotocopias compulsadas cando sexan de carácter obrigatorio, CETMAR cotexará ditos documentos a efectos da presente convocatoria, sempre que veñan acompañados do documento soporte orixinal, no momento da presentación da candidatura
- No caso do envío por correo electrónico ao enderezo rrrhh@cetmar.org. Toda a documentación enviada por este medio deberá estar asinada electronicamente en todas as súas follas (DNI-e ou certificado electrónico) polos/as aspirantes.



## ANEXO III

### **III.I PROBA ESCRITA.**

A puntuación máxima será do apartado III.I será de **70 puntos**. A proba consistirá en o desenvolvemento de 2 a 5 cuestións prácticas e teóricas relativas ao seguinte temario:

1. Contexto da formación continua en España. Principios de control da súa calidade.
2. Conceptos básicos sobre xestión do coñecemento, procesos participativos na ciencia; comunicación da actividade dun proxecto; transferencia de resultados e capitalización de coñecemento e concienciación social e divulgación.
3. O sector pesqueiro e da acuicultura en Galicia. Principais características da produción e organización do sector.
4. A sustentabilidade ambiental: as tecnoloxías verdes e a economía circular.
5. A carpintería naval en Galicia: contribución ao mantemento do patrimonio marítimo e innovacións na combinación da madeira con outros materiais.
6. O Centro Tecnolóxico del Mar-Fundación CETMAR e a actividade da área de formación; o Centro de Formación A Aixola

Duración total da proba escrita: 2 horas

### **III.II VALORACIÓN DO CURRÍCULUM VITAE.**

Será necesario remitir C.V. en formato Europass. Para a correcta correlación entre o C.V. en formato Europass do candidato e os títulos, certificados ou méritos soporte do mesmo, o candidato deberá engadir un índice numerado cos méritos que describa no seu C.V., así como a documentación soporte para identificala claramente.

A puntuación máxima do currículum vitae será de **21 puntos**, aplicando o seguinte BAREMO detallado a continuación nos puntos III.I.1. e III.I.2:

#### **III.1.1. Experiencia profesional acreditada**

Por cada mes completo de servizos prestados en actividades profesionais relacionadas coa temática da praza á que se opta: 0,15 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificados de vida laboral e certificados de empresa onde consten as funcións desenvolvidas.

#### **Temática da praza:**

A pesca e a acuicultura; o sector da acuicultura e marisqueo en Galicia. O desenvolvemento de solucións e servizos, incluíndo os de consultoría e formación, orientados a estes sectores. Formación e capacitación profesional, comunicación e xestión da innovación, do coñecemento e da transferencia de tecnoloxía. Tamén se terán en conta os coñecementos e experiencia sobre implicación de partes/axentes interesados (particularmente do sector da acuicultura e marisqueo), as actividades de divulgación científica e tecnolóxica, as accións orientadas á detección de necesidades formativas, a impartición e deseño de actividades formativas e a difusión orientada a dar a coñecer as ciencias do mar e os sectores das tecnoloxías marítimas na poboación en xeral.

- A puntuación máxima do apartado 1 será de **8 puntos**.



### III.2. Formación e outros méritos

- a) Máster vinculado a algunha das áreas temáticas da praza descrita no apartado 1: **(máximo 1 punto** neste apartado).
1. Formación do Profesorado de Educación Secundaria e Bacharelato e o seu equivalentes (CAP): 1 punto
  2. Outras titulacións de máster: 0,5 puntos
- b) Nivel de inglés acreditado: B2: (1 puntos), C1 o superior (2 puntos). Ata un máximo de **1,5 puntos**.
- c) Cursos de especialización de máis de 150 horas, relacionados coa temática da praza: Ata 0,5 puntos por curso ata un máximo de **1,5 puntos**.
- d) Outros cursos especializados, relacionadas co ámbito da praza de máis de 20 horas: ata 0,15 punto por curso ata un máximo **2 puntos**.
- e) Publicacións científicas, Comunicacións a Congresos, Libros o Capítulos de Libro en editoriais recoñecidas, no ámbito propio da praza: ata 0,3 puntos por produto cando sexa primeiro autor ou supervisor, e 0,1 puntos por produto en calquera outra orde e autoría ata un máximo de **1 punto**.
- f) Participación no desenvolvemento de proxectos nacionais ou transnacionais relacionados coa formación e a capacitación profesional, coa xestión do coñecemento, da innovación e a transferencia de tecnoloxía especialmente no ámbito mariño: 0,25 puntos por proxecto ata un máximo de **2 puntos** neste apartado.
- g) Experiencia en actividades de formación, capacitación e extensionismo, observación e capacitación pesqueira. 0,2 puntos por actividade acreditada ata un máximo de **2 puntos**.
- h) Participación na organización de congresos, conferencias, xornadas, obradoiros, reunións técnicas, actividades divulgativas e seminarios ou similares, relacionados ca temática da praza: ata 0,15 puntos por actividade, ata un máximo de **2 puntos**.

Para a acreditación dos cursos de formación, será necesario remitir orixinal ou fotocopia dos títulos ou certificados, con expresión do número de horas acreditadas na acción formativa.

O nivel de inglés deberá ser acreditado mediante título oficial recoñecido (Cambridge (ESOL), Trinity College London (TESOL), ou similar), ou Escola oficial de Idiomas EOI axustándose á Táboa de equivalencias con respecto ó Marco Europeo de Referencia.

Será necesario presentar documentación acreditativa das publicacións ou actas, e o índice dos libros.

A puntuación máxima conxunta do apartado 2 será de **13 puntos**.

### III.III. ENTREVISTA PERSOAL

A duración máxima da entrevista será de 20 minutos.

Realizarase unha entrevista persoal abordando aspectos relacionados co C.V. dos entrevistados/as e a temática da praza. A puntuación máxima da entrevista será de **9 puntos**.



A CONTINUACIÓN RESÚMENSE AS TAREFAS A DESENVOLVER NO POSTO DE TRABALLO:

- **Apoio técnico** no desenvolvemento das actividades encomendadas a CETMAR, elaborando os **informes técnicos, económicos e de seguimento** no marco do proxecto.
- **Colaboración** na execución das tarefas necesarias para contribuír á **coordinación xeral técnica dos encargos**, segundo as instrucións e demandas específicas do responsable de coordinación e do marco de financiamento.
- **Seguimento da execución financeira e administrativa** dos proxectos segundo as directrices vixentes da normativa asociada ao financiamento.
- **Apoio á organización, asistencia e participación activa en reunións** de traballo tanto internas como nas realizadas cos axentes interesados nas actividades do encargo.
- Apoio na **mobilización de axentes interesados, realización de procesos de consulta, entrevistas, obradoiros participativos, etc.**
- Apoio nas actividades de **comunicación** e de **difusión** do encargo, e na preparación de materiais para estes fins.
- Apoio na **análise de necesidades de capacitación na cadea de valor da pesca, a acuicultura e o marisqueo.**
- Apoio na identificación e reporte de boas prácticas de transferencia, capacitación, dinamización social pola ciencia, etc.
- Apoio na preparación de **novas propostas** vinculadas ao ámbito do proxecto.
- Apoio á **xestión de calidade** na xestión da documentación do proxecto conforme ás normativas e ós procedementos existentes no CETMAR.

